



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

PROPOSTAS DA CIG-ENSINO PARA MELLORAR O ENSINO PÚBLICO E OS DEREITOS DO PROFESORADO

DEREITOS PARA O PROFESORADO

É indiscutíbel o malestar existente entre a inmensa maioría do profesorado coas renuncias do acordo asinado en outubro de 2023 entre a Xunta e unha minoría sindical. A Consellaría non pode esconderse detrás do apoio desa minoría nin que o resultado electoral nas autonómicas se use como un plebiscito sobre as condicións de traballo do profesorado e o futuro do ensino público. A pasada lexislatura foi unha evidencia dunha preocupante falta de compromiso e empatía co persoal docente por parte da Consellaría de Educación que tivo o seu desenlace coa negativa á recuperación dos nosos dereitos.

Fronte á maioría absoluta do PP temos a maioría electoral e social do profesorado reclamando que se recuperen dereitos recortados e que se atendan as melloras que a CIG-Ensino defendeu na negociación, que nos levou a convocar dúas folgas e que fixo que en menos de 5 semanas máis de 16.000 docentes asinasen presencialmente instando á quen se presentaba a presidir a Xunta a que atendese as súas xustas demandas.

Demandamos, por tanto, que a Consellaría asuma a apertura dunha nova negociación que dea resposta ás melloras que se lle negaron ao profesorado no recente acordo entre a Xunta e unha minoría sindical.

- Recuperación do horario lectivo de 18 horas en secundaria e 21 en primaria con efectividade no curso 2025/26
- Redución efectiva das ratios en todas as etapas
 - Educación Infantil: cumprir a redución de 20 tendo en conta o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
 - Educación Primaria: redución progresiva até chegar a 20 no curso 26/27
 - Agrupamentos en aulas mixtas. Cumprimento das ratios comprometidas pola Consellaría con carácter inmediato, garantindo o futuro da escola rural con reforzo de profesorado.
 - Educación especial e aulas específicas: 4
 - ESO e Bacharelato: comezar no seguinte curso a redución progresiva até chegar a 25 e aplicación inmediata da redución por escolarización de alumnado con discapacidade, dependencia ou trastornos de conduta, ao que se nega a administración educativa.
 - FP: redución a 15 na FP básica, a 20-25 no resto de graos presenciais dependendo do tipo de ensinanzas e a 30 a distancia.
 - Ensinanzas de réxime especial: redución a 25 nas EOI e mesmo criterio que na FP para as materias do resto de ensinanzas que non impliquen grupos reducidos.
- Negociación dunha orde que recolla as reducións de horarios por todo tipo de cargos e funcións de coordinación, incorporando entre outras cuestións:
 - Recoñecemento de todas as figuras de xefaturas de departamento e coordinacións que vimos demandando desde a CIG-Ensino desde hai anos (igualdade, segunda lingua estranxeira, ámbitos nos centros de FP, departamentos de FP en CEE...)
 - Regulación de novas reducións para cargos directivos que remate coa situación actual na que a maior parte teñen unhas reducións

totalmente insuficiente para as funcións que teñen que realizar mentres hai quen está totalmente exento de docencia ou con case ningunha

- › Recuperación do pago do verán ao persoal substituto que traballe cinco meses e medio ao longo do curso.
- › Negociación dunha cláusula de estabilidade no Acordo do persoal interino para dar resposta a unha demanda histórica da maioría sindical que representa a CIG-Ensino e do propio colectivo de profesorado interino e que sería unha alternativa válida para se axustar ás últimas sentenzas do TXUE.

UN IMPULSO AO GALEGO NO SISTEMA EDUCATIVO

Urxe a regulación dunha nova normativa para a normalización lingüística no ensino que poña fin ao actual decreto, protagonista da maior involución no uso e posta en valor da nosa lingua nas aulas. Se o conselleiro de Cultura fala agora dun pacto pola lingua, se o presidente da Xunta fala de diálogo sobre a lingua este só pode existir se comeza nos centros educativos, onde o propio PP rompeu o consenso. De aí que sexa preocupante que o conselleiro de Educación non teña amosado ningunha intención de promover cambios. A CIG-Ensino, xunto con outras asociacións e entidades xa deu un paso adiante no 2020, cunha proposta de bases para a normalización lingüística do sistema educativo. Urxe unha resposta por parte da Xunta.

A DEFINICIÓN DAS PRAZAS ESTRUTURAIS PARA AS OFERTAS DE EMPREGO E OS CONCURSOS DE TRASLADOS

- › Reducir a provisionalidade nos claustros aínda máis do que xa conseguimos a partir de 2018 e reducir a temporalidade. Eses son os logros que se deben perseguir con ofertas amplas de emprego nas oposicións e coa adxudicación de todas as vacantes reais nos concursos de traslados.
- › Debe negociarse a partir de setembro o perfil de todas e cada unha das prazas en todos os centros educativos: cales son estruturais (e polo tanto debe contar para as oposicións e os concursos de traslados) e cales non.
- › De se cumprir o compromiso do Ministerio de Función Pública de eliminar a taxa de reposición no 2025, recuperar todas as prazas que non se ofertaron no 2022, incrementando nun mínimo de 1280 postos a oferta ordinaria do ano próximo.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- › Ampliación do profesorado da especialidade de Orientación educativa garantindo os mínimos fixados pola UNESCO de un profesional por cada 250 alumnos e alumnas.
- › Negociación urxente da rede de orientación, totalmente obsoleta, que facilite a atención á diversidade e reduza as itinerancias.
- › Unha maior dotación de mestras e mestres de PT e AL definitivos nos centros para evitar ou reducir parches como as convocatorias de atención preferente.
- › Hai que adecuar a normativa actual aos centros específicos de Educación Especial: cóstanos que así llo trasladaron á Consellería desde varios centros (burocracia de avaliación, escolarización por idades...).
- › Maior dotación de persoal coidador e análise da necesidade doutras figuras profesionais.

FORMACIÓN PROFESIONAL

- Compromiso de que o profesorado do corpo de PESSFP cobrará un complemento compensador, logrando a equiparación salarial de todo o profesorado que imparte na FP
- Negociación da reforma da FP revertendo algunhas das decisións máis lesivas tomadas pola Consellaría como a aposta polo máximo de horas de formación na empresa, duplicar o módulo de inglés profesional e decidir unilateralmente a distribución dos novos módulos sen negociación previa nin permitir unha redistribución dos módulos profesionais entre os dous cursos do ciclo formativo, no sentido de reforzar os módulos profesionais no canto de reducir o seu peso.
- Redución da duración das sesións lectivas nos CIFP para equiparala cos IES.
- Cambio no sistema de elección das direccións, superando a elección política actual de libre designación e apostando pola decisión democrática dos centros educativos.

DESENVOLVEMENTO DA LEI DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS

- Á espera de que o Ministerio mova ficha, a CIG-Ensino quere acadar o compromiso da Consellaría de que todo os actuais mestres e mestras de taller, se integren ou no corpo de profesorado de ensinanzas artísticas profesionais, terán as mesmas retribucións.
- A CIG-Ensino exige o compromiso da Xunta de que non segregará os estudos profesionais dos superiores nas actuais Escolas de Arte e Superiores de Deseño ou que, caso de ter iso en previsión, existirá unha negociación que implique que non se vexa reducida a oferta actual (nin de ciclos nin de graos) tanto na oferta global como na territorial e de

que non existirá mobilidade obrigatoria fóra da localidade para o profesorado destes centros.

- Regulación a nivel galego de medidas contidas na lei (licenzas para actividades artísticas e de investigación) e extensión ao profesorado de todas as ensinanzas.

ORDENACIÓN EDUCATIVA

- Eliminación de todas as tarefas innecesarias e de control e rexistro de cada decisión docente, así como dos mecanismos de auditoría externa.
- Maior contratación de persoal administrativo en todos os centros.
- Contraste coa representación do profesorado das principais medidas relacionadas coa ordenación educativa, comezando coa avaliación de todos os programas educativos e medidas adoptadas pola Consellaría relacionadas coa práctica docente (efectos do decreto de plurilingüismo na perda de competencia e uso do noso idioma, programas de reforzo educativo, avaliacións de diagnóstico, implementación de novas ferramentas informáticas de xestión, avaliación ou programación, resultados da ensinanza de materias non lingüística en idiomas estranxeiros, Edixgal, entre outros).

MELLORAS NOS PERMISOS E LICENZAS DO PERSOAL DOCENTE

- Precisamos unha nova orde de permisos e licenzas do persoal docente ou unha renovación profunda da actual. Cambios normativos de rango superior ou sentenzas xustifican esta medida.
- Débense anular as limitacións actuais para a concesión de reducións de xornada por coidado de fillo ou filla con alta discapacidade ou

enfermidade moi grave. A última sentenza gañada pola CIG-Ensino indica claramente que a Consellaría restrinxe dereitos

- › Regulación de permisos relacionados co coidado de crianzas, especialmente en casos de enfermidade e discapacidade e desenvolvemento dos novos permisos, co recoñecemento do carácter retribuído das 8 semanas de permiso parental.
- › Extensión a 22 semanas do permiso por nacemento para a outra persoa proxenitora.

UNHA NOVA LEI DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO E MELLORAS PARA O PDI NO ÁMBITO COMPETENCIAL DO GOBERNO GALEGO

- › É preciso adaptar a LOSU mediante unha nova Lei, regulando aspectos fundamentais para o persoal docente e investigador
- › A Xunta ten que ser garante de que non haxa limitacións orzamentarias para o recoñecemento de dereitos laborais que as universidades negan polo insuficiente financiamento e polas limitacións que fixa a propia Xunta
- › A Xunta debe unirse á nosa demanda fronte ao Ministerio de Universidade de que sexa a ACSUG a axencia de acreditación que se encargue de todas as xestións, tanto do PDI laboral como do funcionario no ámbito do SUG.
- › Debe modificarse o Decreto 55/2004 polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario no sentido de garantir o dereito a estes complementos a todas as figuras de PDI ao tempo que se debe simplificar a burocracia. Ningunha outra axencia de calidade exige tanta documentación e requisitos como a ACSUG.

- Debe regularse un acordo marco para o persoal investigador vinculado ás universidades, con suficiente apoio orzamentario da Xunta para rematar coa precariedade.
- Adecuación das convocatorias da Xunta para apoio á etapa posdoutoral, logo do cambio na última convocatoria na que se fixa un compromiso de estabilidade para as prazas convocadas. Propomos que nas convocatorias das modalidades B pendentes de publicar se manteña o mesmo número de axudas que na modalidade A, garantindo a continuidade de todo o persoal de investigación contratado con cargo a esas axudas, estudando a posibilidade de equiparar estas convocatorias ás novas e así impulsar a estabilización das prazas ofertadas.
- Incremento das prazas do Mestrado de Formación do Profesorado para dar resposta á ampla demanda existente nestes momentos por parte do alumnado e evitar que teña que recorrer a universidades privadas de fóra de Galiza, en moitos casos dunha máis que dubidosa calidade, cunha formación totalmente afastada da realidade galega na que traballará o futuro profesorado e con prezos desorbitados que implican claramente unha barreira para as familias con menos recursos.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2024

